

BOIX 02.20/21

IES DE RODEIRA BOLETÍN INFORMATIVO XERAL INVERNO 2021

...AÍ VEÑEN!

FEBREIRO 2021

Luns 8 NOVO CUADRIMESTRE DE ADULTOS
A Educación Secundaria de persoas Adultas (ESA) remata 1º e 3º e comeza 2º e 4º

Martes 2-Venres 12 CARAVEIS NAMOROSOS
Da Candelaria a San Valentín, que é cando os paxaros casan, mensaxes e caraveis de amor, amizade ou perdón que Cupidas e Cupidos repartirán polas aulas. Organiza EDLG/Anso

Venres 12 CARNESTOLENDAS
E chegou o antroido! Como xa imos todos enmascarados e non convén aglomerarse, faremos microantroidos en interconexión dixital

Luns 15 a mércores 17 DO ANTROIDO Á COARESMA
Tres días perfectos, dada a situación, para preparar os exames do segundo trimestre...

Luns 22 ao Xoves 25 AVALIACIÓNS DE PENDENTES BACHARELATO
Primeira oportunidade para liberarse do pesado lastre de cursos pasados....

...AÍ VEÑEN!

MARZO 2021

Xoves 18 a mércores 24 SEGUNDA AVALIACIÓN ESO/BACH/CICLOS
Recollamos os froitos do esforzo do trimestre. Alea iacta est!

Xoves 25 ENTREGA DE NOTAS
Entrega de boletíns na aula. ESO as 10:30, Bach e Ciclos as 12:00

Venres 26 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA
Cas bágoas da Dolorosa, festivo local, e o primeiro luar tralo equinoccio, imos pechando o inverno. Benvida, Primavera!

INICIO DO TRIMESTRE DE PRIMAVERA MARTES 6 DE ABRIL

...AÍ VAN!

XANEIRO 2021

18 Xaneiro- 12 Febreiro EDUCACIÓN EN VALORES
Para ESO. Charlas con Alberto Casqueiro, educador social do Concello, sobre habilidades sociais, educación afectivo-sexual, prevención e consumo de drogas e pornografía.

Luns 25 X- Venres 5 SEMANAS DA FROITA
Reparto de froita nos recreos.

AQUÍ ESTÁN.

RECREOS ACTIVOS	CLUB DE MANGA	OBRADOIROS DE ADULTOS
Saídas abertas pola praia de Rodeira. Todos os recreos que o tempo o permita. Organiza EF	Reunións o martes no segundo recreo na Biblioteca.	Informática, Inglés, Historia, Galego, Xardinería, Creación literaria, Ximnasia, Memoria.